

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Listas definitivas - Proceso estabilización - AEDL - Persoal laboral fixo

EXPEDIENTE: 2024/G003/001707

Vista a Resolución da Alcaldía do Concello de Teo nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as bases xerais, específicas e convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro, dunha (1) praza de axente de emprego e desenvolvemento local.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 230, de data 5 de decembro de 2022, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 236, de 14 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, número 301, de 16 de decembro de 2022.

Considerando que con data 6 de febreiro de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes.

Vistas as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo para a provisión, dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME LINGUA GALEGA
GOMEZ CASAL	FATIMA MARIA	***0171**	EXENTA
PENERBOSA FERREIRO	ALBA	***6250**	EXENTA
VIÑA FEAS	DIEGO	***0741**	EXENTO

Persoas aspirantes excluídas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EXAME LINGUA GALEGA
POSE DAVILA	CRISTINA	***8802**	Non presenta o modelo de instancia conforme ao Anexo I das Bases. Non presenta copia do DNI (ambas as dúas caras) Non achega a relación de méritos. Non presenta certificado médico actualizado.	EXENTA

Segundo.- Nomear ás seguintes persoas como membros do tribunal cualificador ao abeiro do previsto na cláusula sétima das Bases xerais que regulan a convocatoria

- Presidencia
 - Titular: María José Nartallo Penas (secretaria – interventora do Concello de Trazo)
 - Suplente: María Elena Sueiro Fernández (secretaria adxunta do Concello de Teo)
- Vogais
 - Titular: Pedro Vila López (xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia)
 - Suplente: Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo)
 - Titular: Estefanía Antonia Lodeiro Paz (avogada do CIM do Concello de Teo)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



- Suplente: María Fernanda Montero Parapar (secretaria xeral do Concello de Catoira)
- Titular: Mónica Isabel Lado Varela (interventora do Concello de Teo)
- Suplente: Roberto Rielo Iglesias (normalizador lingüístico do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: Ignacio Soto González (arquitecto municipal do Concello de Teo)
 - Suplente: Sandra María García Chenlo (secretaria do Concello de Dodro)

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas ao efecto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha de ditas circunstancias consonte o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar ás persoas integrantes do tribunal cualificador para o vindeiro día mércores 18 de decembro de 2024, ás 9.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

Cuarto.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)